

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 18 DE OUTUBRO DE 2022.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

D.SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
D. IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA IÑARREA.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as 12,00 horas do día 18 de outubro de 2022 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asisten a Deputada, Dona Ana María Mejías Sacaluga e o Deputado, Gregorio Agís Gómez.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2023. (EXPTES.- 2022063204 - 2022043354).**

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia asinada con data 13 de outubro de 2022, cuxo contido é o seguinte:

“MEMORIA DA PRESIDENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 168-1.a) do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18-1-a) do R.D. 500/1990, de 20 de abril, e co obxecto de explicar o contido e as principais modificacións



do orzamento para o exercicio de 2023 en relación có de 2022, elabórase a presente memoria.

Introdución

O orzamento xeral consolidado para o próximo exercicio ten un marcado carácter expansivo, xa que experimenta un crecemento dun 3,27 por cento, que si nos PXE se establece a compensación da liquidación negativa na PTE do exercicio de 2020, poderíase elevar a un 5 por cento; permitíndonos compensar, na medida das nosas escasas posibilidades, a caída do consumo e inversión do sector privado.

Para a súa elaboración partimos da información que nos ofrece o proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o próximo exercicio; así resulta que os ingresos que recibiremos do Estado experimentan un incremento entorno ao 3 por cento (5% probable) e as retribucións dos empregados experimentarán un incremento do 2,5 por cento, podendo acadar outro 1 por cento en función das variacións do IPC e o PIB durante o exercicio de 2023. Estas porcentaxes aplicaranse sobre as retribucións de 2022 incrementadas nun 1,5 por cento da paga compensatoria do incremento do IPC en 2022.

De tódolos xeitos si os ingresos foran superiores tramitaríanse os oportunos expedientes de modificación e si diminúen, como xa se establece na Disposición Transitoria 1º das bases de execución deste orzamento, declararanse coma non dispoñibles, polo mesmo importe da redución dos ingresos, os créditos das aplicacións que se estimen reducibles sen afectar o normal funcionamento dos servizos, decisión que se poderá tomar mediante resolución presidencial, previo informe do responsable do centro xestor afectado e da intervención.

En relación cos aspectos cuantitativos o orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2023 está integrado polos orzamentos:

| | |
|--|---------------|
| - Da Deputación | 181.633.895 € |
| - Da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería | 603.575 € |
| - Do Consorcio provincial C. Incendios | 3.913.300 € |
| - Consorcio Deza – Tabeirós | 1.147.614 € |
| - O Consolidado | 185.387.403 € |

En relación cos ingresos do orzamento de Deputación podemos destacar:



- O incremento dos ingresos totais por importe de 5.837.424€ (3,32%),
- O incremento dos recursos correntes por importe de 5.898.226€ (3,41%)
- Aforro neto é de 55.879.150 €, aumenta 423.507€ (0,76%), como consecuencia do incremento dos ingresos correntes (5.898.226€), da redución da amortización da débeda (-486.286€) e polo incremento do gasto corrente (6.002.865,00 €).
- En relación cos gastos do orzamento de Deputación podemos destacar:
 - O incremento dos créditos para gastos totais por importe de 5.837.424€ (3,32%)
 - Incremento do gasto corrente en 6.002.865,00 € (5,15%)
 - Os investimentos (cap. VI e VII) aumentan en 305.846,00 € (0,53%)
- En relación co endebedamento podemos destacar:
 - Para o financiamento do orzamento non se prevé concertar ningunha operación de endebedamento.
 - O endebedamento inicial reducirase en 240.833 €.
 - O endebedamento final será de 25.000.000 €.
 - A carga absoluta e relativa (xuros + amortización/dereitos correntes) prevista será de 242.405€ (-67,11%).

En relación coa solvencia consolidada da Deputación podemos destacar:

- O aforro bruto acada a cifra de 56.150.842€, diminúe en 158.471€ en relación co do ano anterior (-0,0,28%), como consecuencia do aumento dos gastos correntes, a pesares do incremento dos ingresos correntes.
- O aforro neto acada a cifra de 55.910.009€, aumenta 327.815€ (0,59%), e representa o 30,64% dos recursos correntes.
- A débeda viva o inicio do exercicio será de 25.240.833€, amortizarase por importe de 240.833€, quedando ao final do exercicio unha débeda de 25.000.000€.
- A débeda viva sobre os recursos correntes será ó final do exercicio do 13,70 por cento.

Finalidades ás que se destinan os créditos orzamento consolidado da Deputación.

Este orzamento recolle os compromisos de gasto adquiridos no exercicio de 2023 e anteriores pendentes de execución. Asimesmo, o orzamento dota os créditos necesarios para atender aos seguintes programas de gasto:



| PROGRAMA | DENOMINACIÓN | 2022. | 2023. | DIFERENZA | % VARIACIÓN |
|----------|---|--------------------|--------------------|---------------------|----------------|
| 0110 | DÉBEDA PÚBLICA | 761.120 € | 250.835 € | -510.285 € | -67,04% |
| | AREA DE GASTO 0 "DÉBEDA PÚBLICA" | 761.120 € | 250.835 € | -510.285 € | -67,04% |
| 1360 | SERVIZOS DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENCIOS | 5.383.641 € | 5.343.485 € | -40.156 € | -0,75% |
| | POLÍTICA DE GASTO 13 "SEGURIDADE E MOVILIDADE CIDADAN" | 5.383.641 € | 5.343.485 € | -40.156 € | -0,75% |
| 1516 | PROMOCIÓN DE SOLO | 335.687 € | 246.184 € | -89.503 € | -26,66% |
| | POLÍTICA DE GASTO 15 "VIVENDA E URBANISMO" (IPESPO) | 335.687 € | 246.184 € | -89.503 € | -26,66% |
| 1621 | RECOLLIDA DE LIXO | 3.000 € | 3.000 € | 0 € | 0,00% |
| 1623 | RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS (PROGRAMA COMPOSTAXE) | 2.290.206 € | 1.709.206 € | -581.000 € | -25,37% |
| 1650 | ALUMEADO PUBLICO | 795.569 € | 210.370 € | -585.199 € | -73,56% |
| | POLÍTICA DE GASTO 16 "BENESTAR COMUNITARIO" | 3.088.775 € | 1.922.576 € | -1.166.199 € | -37,76% |
| 1700 | ADMON. MEDIO AMBIENTE | 113.493 € | 94.086 € | -19.407 € | -17,10% |
| 1705 | ADMON. MEDIO AMBIENTE - RECOLLIDA DE ANIMALES | 768.155 € | 751.000 € | -17.155 € | -2,23% |
| 1720 | PROTECCIÓN E MELLORA DO MEDIO AMBIENTE | 137.501 € | 178.000 € | 40.499 € | 29,45% |
| | POLÍTICA DE GASTO 17 "MEDIO AMBIENTE" | 1.019.149 € | 1.023.086 € | 3.937 € | 0,39% |
| | AREA DE GASTO 1 (SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS)... | 9.827.252 € | 8.535.331 € | -1.291.921 € | -13,15% |
| 2110 | PENSIÓNS | 202 € | 202 € | 0 € | 0,00% |
| | POLÍTICA DE GASTO 21 "PENSIÓNS" | 202 € | 202 € | 0 € | 0,00% |
| 2210 | OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS | 749.700 € | 744.700 € | -5.000 € | -0,67% |
| | POLÍTICA DE GASTO 22 "OUTRAS PRESTACIÓNS ECONÓMICAS A FAVOR DOS EMPREGADOS" | 749.700 € | 744.700 € | -5.000 € | -0,67% |
| 2311 | ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -ACCIÓN SOCIAL | 1.669.239 € | 1.838.935 € | 169.696 € | 10,17% |
| 2312 | ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -PROMOCIÓN SOCIAL | 11.574.860 € | 12.584.288 € | 1.009.428 € | 8,72% |
| 2313 | ASISTENCIA SOCIAL PRIMARIA -A PERSONAS DEPENDIENTES | 4.033.259 € | 3.959.349 € | -73.910 € | -1,83% |
| 2315 | ASISTENCIA SOCIAL - IGUALDADE | 1.801.068 € | 2.125.277 € | 324.209 € | 18,00% |
| 2316 | PREMIOS PROVINCIAIS DE XUVENTUDE | 5.608 € | 0 € | -5.608 € | -100,00% |
| | POLÍTICA DE GASTO 23 "SERVICIOS SOCIALES E PROMOCIÓN SOCIAL" | 19.084.034 € | 20.507.849 € | 1.423.815 € | 7,46% |
| 2410 | FOMENTO DE EMPLEO | 2.641.174 € | 2.503.152 € | -138.022 € | -5,23% |
| 2411 | FOMENTO DE EMPLEO - DEPOEMPRENDE | 36.002 € | 86.945 € | 50.943 € | 141,50% |



| | | | | | |
|------|--|---------------------|---------------------|--------------------|--------------|
| 2412 | FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTOS UE. E MOZOS | 100.000 € | 100.000 € | 0 € | 0,00% |
| 2420 | FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_20-22 | 73.403 € | 0 € | -73.403 € | -100,00% |
| 2427 | FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_21-23 | 97.451 € | 107.402 € | 9.951 € | 10,21% |
| 2428 | FOMENTO DE EMPLEO - PROXECTO PRACTICUM_DEPO_22-24 | 0 € | 79.686 € | 79.686 € | 100,00% |
| | POLÍTICA DE GASTO 24 "FOMENTO DE EMPREGO" | 2.948.030 € | 2.877.185 € | -70.845 € | -2,40% |
| | AREA DE GASTO 2º ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL | 22.781.966 € | 24.129.936 € | 1.347.970 € | 5,92% |
| 3243 | FUNCIONAMENTO CENTRO DE ENSINANZA ESCOLA DE CANTEIROS | 746.437 € | 764.625 € | 18.188 € | 2,44% |
| 3260 | SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN | 596.001 € | 599.001 € | 3.000 € | 0,50% |
| 3261 | SERVICIOS COMPLEMENTARIOS DE EDUCACIÓN - F. ESCOLA DE ENFERMERÍA | 595.445 € | 603.575 € | 8.130 € | 1,37% |
| | POLÍTICA DE GASTO 32 "EDUCACIÓN" | 1.937.883 € | 1.967.201 € | 0 € | 100,00% |
| 3300 | ADMINISTRACIÓN XERAL DA CULTURA | 429.921 € | 481.762 € | 51.841 € | 12,06% |
| 3321 | BIBLIOTECAS PÚBLICAS | 22.000 € | 22.000 € | 0 € | 0,00% |
| 3322 | ARQUIVOS. | 2.547.425 € | 2.601.479 € | 54.054 € | 2,12% |
| 3330 | EQUIPAMENTOS CULTURALES E MUSEOS | 7.355.255 € | 9.531.619 € | 2.176.364 € | 29,59% |
| 3340 | PROMOCIÓN CULTURAL | 3.916.210 € | 4.592.677 € | 676.467 € | 17,27% |
| 3344 | PROMOCIÓN CULTURAL, PROX. AUDIOVISUAIS | 0 € | 45.730 € | 45.730 € | 100,00% |
| 3360 | PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTICO, CASTELO SOUTOMAIOR | 528.456 € | 730.454 € | 201.998 € | 38,22% |
| 3361 | PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS | 144.010 € | 114.010 € | -30.000 € | -20,83% |
| 3362 | PROTECC. E XESTIÓN DO P. H. ARTÍSTICO - CASTRODEZA E PAZO LIÑARES | 183.003 € | 178.003 € | -5.000 € | -2,73% |
| 3363 | PROTECC. E XESTIÓN DO PATRIMONIO H. ARTÍSTICO, CASTELO DE SOBROSO | 274.112 € | 256.012 € | -18.100 € | -6,60% |
| 3370 | INSTALACIÓNS DE OCUPACIÓN DO TEMPO LIBRE (C. LANZADA) | 462.851 € | 536.078 € | 73.227 € | 15,82% |
| | POLÍTICA DE GASTO 33 "CULTURA" | 15.863.243 € | 19.089.824 € | 3.226.581 € | 20,34% |
| 3400 | ADMINISTRACIÓN XERAL DO DEPORTE | 848.958 € | 793.899 € | -55.059 € | -6,49% |
| 3410 | PROMOCIÓN E FOMENTO DO DEPORTE | 3.704.504 € | 3.849.404 € | 144.900 € | 3,91% |
| 3420 | INSTALACIONES DEPORTIVAS | 2.019.502 € | 143.501 € | -1.876.001 € | -92,89% |
| | POLÍTICA DE GASTO 34 "DEPORTE" | 6.572.964 € | 4.786.804 € | -1.786.160 € | -27,17% |



| | | | | | |
|------|--|---------------------|---------------------|--------------------|---------------|
| | AREA DE GASTO 3º PRODUCC. DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE | 24.374.090 € | 25.843.829 € | 1.469.739 € | 6,03% |
| 4100 | ADMON. XERAL DE AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA | 2.124.609 € | 2.322.099 € | 197.490 € | 9,30% |
| 4120 | MELLORA DAS ESTRUCTURAS AGROPECUARIAS E DOS SIST. PRODUCTIVOS | 953.196 € | 1.348.669 € | 395.473 € | 41,49% |
| 4123 | INVESTIGACIÓN FITOPATOLÓXICA | 2.431.245 € | 2.530.328 € | 99.083 € | 4,08% |
| 4140 | ARRENDAMENTO DE MAQUINARIA, INSTALACIÓNS E UTILLAXE | 14.000 € | 14.000 € | 0 € | 0,00% |
| 4150 | PROTECCION E DESEÑO DOS RECURSOS PESQUEIROS | 250.000 € | 250.000 € | 0 € | 0,00% |
| 4190 | OUTRAS ACTUACIÓNS EN AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA | 362.400 € | 490.000 € | 127.600 € | 35,21% |
| | POLÍTICA DE GASTO 41 "AGRICULTURA, GANDERÍA E PESCA" | 6.135.450 € | 6.955.096 € | 819.646 € | 13,36% |
| 4200 | ADMINISTRACIÓN XERAL DA INDUSTRIA E ENERXIA | 5.500 € | 5.500 € | 0 € | 0,00% |
| | POLÍTICA DE GASTO 42 "INDUSTRIA E ENERXÍA" | 5.500 € | 5.500 € | 0 € | 0,00% |
| 4320 | INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA | 2.597.885 € | 2.786.959 € | 189.074 € | 7,28% |
| 4321 | INFORMACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA-TURISMO ACCESIBLE (POUSADAS) | 107.105 € | 50.001 € | -57.104 € | -53,32% |
| 4323 | XESTIÓN TURÍSTICA EFICIENTE | 0 € | 0 € | 0 € | 100,00% |
| 4324 | TURISMO NOS CAMIÑOS_DEZA | 0 € | 827.000 € | 827.000 € | 100,00% |
| 4325 | TURISMO, TERRA ENTRE RÍOS | 0 € | 535.000 € | 535.000 € | 100,00% |
| 4330 | DESEÑO EMPRESARIAL (VIVEIROS) | 265.266 € | 311.267 € | 46.001 € | 17,34% |
| 4331 | DESEÑO EMPRESARIAL (CENTRO DE APOIO EMPRESARIAL) | 203.950 € | 24.240 € | -179.710 € | -88,11% |
| | POLÍTICA DE GASTO 43 "COMERCIO, TURISMO E PEQUENAS E M. EMPRESAS" | 3.174.206 € | 4.534.467 € | 1.360.261 € | 42,85% |
| 4500 | ADMINISTRACIÓN XERAL DE INFRAESTRUCTURAS | 1.661.801 € | 1.732.179 € | 70.378 € | 4,24% |
| 4530 | CARRETERAS | 17.285.082 € | 19.919.919 € | 2.634.837 € | 15,24% |
| | POLÍTICA DE GASTO 45 "INFRAESTRUCTURAS" | 18.946.883 € | 21.652.098 € | 2.705.215 € | 14,28% |
| 4630 | INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA, TÉCNICA E APLICADA | 5.000 € | 5.000 € | 0 € | 0,00% |
| | POLÍTICA DE GASTO 46 "INVESTIGACIÓN, DESEÑO E INNOVACIÓN" | 5.000 € | 5.000 € | 0 € | 0,00% |
| | AREA DE GASTO 4º ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO | 28.267.039 € | 33.152.161 € | 4.885.122 € | 17,28% |
| 9120 | ORGANOS DE GOBERNO | 3.290.980 € | 3.385.147 € | 94.167 € | 2,86% |
| | POLÍTICA DE GASTO 91 "ÓRGANOS DE GOBERNO" | 3.290.980 € | 3.385.147 € | 94.167 € | 2,86% |
| 9200 | ADMINISTRACIÓN XERAL | 10.748.513 € | 11.252.024 € | 503.511 € | 4,68% |



| | | | | | |
|--|---|----------------------|----------------------|--------------------|--------------|
| 9220 | COORD. E ORGANIZACIÓN INSTITUCIONAL DAS ENT. LOCALES (COTAS FEMP E FEGAMP) | 110.000 € | 110.000 € | 0 € | 0,00% |
| 9225 | COORDINACIÓN E ASISTENCIA INTERMUNICIPAL | 584.475 € | 775.755 € | 191.280 € | 32,73% |
| 9240 | PARTICIPACIÓN CIDADÁN | 1.242.573 € | 1.247.438 € | 4.865 € | 0,39% |
| 9260 | COMUNICACIÓNS INTERNAS (TIC) | 6.599.667 € | 6.609.288 € | 9.621 € | 0,15% |
| 9290 | IMPREVISTOS, SITUACIÓNS TRANSITORIAS E CONTINXENCIAS DE EXECUCIÓN | 1.003.000 € | 1.003.000 € | 0 € | 0,00% |
| | POLÍTICA DE GASTO 92 "SERVIZOS DE CARÁCTER XERAL" | 20.288.228 € | 20.997.505 € | 709.277 € | 3,50% |
| 9310 | POLÍTICA ECONÓMICA E FISCAL | 2.496.969 € | 1.887.952 € | -609.017 € | -24,39% |
| 9320 | XESTIÓN DO SISTEMA TRIBUTARIO (ORAL) | 9.897.018 € | 10.474.141 € | 577.123 € | 5,83% |
| 9330 | XESTIÓN DO PATRIMONIO | 296.000 € | 373.850 € | 77.850 € | 26,30% |
| 9340 | XESTIÓN DA DÉBEDA E DA TESOURERÍA | 521.126 € | 345.821 € | -175.305 € | -33,64% |
| | POLÍTICA DE GASTO 93 "ADMINISTRACIÓN FINANCEIRA E TRIBUTARIA" | 13.211.113 € | 13.081.764 € | -129.349 € | -0,98% |
| 942 | TRANSF. A ENTIDADES LOCALES TERRITORIALES /PLAN COOPERACIÓN CONCELLOS: 2023 | 56.433.735 € | 55.575.894 € | -857.841 € | -1,52% |
| 9431 | COOPERACIÓN TRANSFRONTERIZA | 276.955 € | 435.001 € | 158.046 € | 57,07% |
| | POLÍTICA DE GASTO 94 "TRANSFERENCIAS A OUTRAS ADMON. PÚBLICAS" | 56.710.690 € | 56.010.895 € | -699.795 € | -1,23% |
| | AREA DE GASTO 9º ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL | 93.501.011 € | 93.475.311 € | -25.700 € | -0,03% |
| TOTAL ORZAMENTO CONSOLIDADO (DEPUTACIÓN + F. E. ENFERMERIA+ CONSORCIO PROVINCIAL + CONSORCIO DEZATABEIROS)... | | 179.512.478 € | 185.387.403 € | 5.874.925 € | 3,27% |

Con este orzamento trátase de:

- Manter coa calidade adecuada, durante o exercicio de 2023, os distintos servizos e actividades que presta e realiza na actualidade a Deputación. Asimesmo, tamén se dota crédito para facer fronte ao gasto de novos servizos e actividades que se pretenden acometer no próximo exercicio.
- Asistir económica e tecnicamente aos concellos por un importe total de 59.354.639 €, dos cales 18.534.369,00 € son para axudas de natureza corrente, 40.820.000,00 €€ son para axudas de natureza de capital (investimento).
- Axudas aos demais axentes sociais e económicos da provincia (11.306.735,00 €) mediante subvencións e axudas correntes e de capital.

Consideracións cuantitativas xerais en materia de gastos

En materia de gastos o orzamento consolidado da Deputación podemos destacar:

- Os créditos para gastos do capítulo I (gastos de persoal) acadan a cifra de 55.030.402€, experimentando un incremento de 2.093.647€ (3,95%). Este crecemento débese basicamente ao incremento do 4% (1,5% en 2022 e 2,5%



para 2023) previsto no PLPXE/2023 para as retribucións dos empregados e ás variacións nos cadros e relación de postos de traballo que se explican no informe da xefa do Servicio de RRHH e Formación.

- Os créditos para gastos do capítulo II (gastos en bens e servizos correntes) acadan a cifra de 40.549.058€, experimentando un incremento de 3.110.171€ (8,19%), como consecuencia do incremento de prezos.
- Os créditos para gastos do capítulo III (gastos financeiros) acadan a cifra de 105.102€ (dos cales 1.572€ son dos xuros da débeda e o resto xuros de demora), polo que experimentan unha diminución de 203.999€ (-66%).
- Os créditos para gastos do capítulo IV (transferencias correntes) acadan a cifra de 29.647.708€, incrementáanse en 1.136.238€ (3,99%), como consecuencia pequenas variacións en distintas aplicacións deste capítulo.
- Os créditos para gastos do capítulo V (Fondo de continxencia) acadan a cifra de 1.003.000, é unha esixencia da LOEPSF para facer fronte a gastos imprevistos e imprevisibles, e non experimenta ningunha variación.
- Os créditos para gastos do capítulo VI (investimentos reais) acadan a cifra de 16.936.999€, experimentan un incremento de 4.102.125€ (32,39%), para maior detalle ver plan de investimentos.
- Os créditos para gastos do capítulo VII (transferencias de capital) acadan a cifra de 41.586.901€, diminúe en 3.891.971€ (8,56%), para maior detalle ver plan de investimentos.
- Os créditos para gastos do capítulo VIII (variación de activos financeiros) non experimentan variación significativa.
- Os créditos para gastos do capítulo IX (variación de pasivos financeiros) acadan a cifra de 240.833€, diminuíndo en 486.286€ (-66,88%), como consecuencia diminución das amortizacións ordinarias.

Consideracións cuantitativas xerais en materia de ingresos.

En materia de ingresos do orzamento xeral consolidado da Deputación podemos destacar:

- Capítulo I (Impostos directos), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 13.918.299€, experimentando un crecemento de 356.946€ (2,63%), xa que se espera recadar mais de acordo coa información do Proxecto de LPXE.
- Capítulo II (Impostos indirectos), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 14.920.959€, o que representa un incremento de 441.986€ (3,05%), basicamente pola maior recadación esperada do IVE e Impostos especiais de acordo coa información do Proxecto de LPXE.
- Capítulo III (Taxas e outros ingresos), estímase, por este capítulo, uns dereitos a liquidar de 14.551.201€, polo que experimenta un incremento de 454.008€ (3,22%), como consecuencia duns maiores ingresos esperados de taxas, prezos públicos e outros conceptos.
- Capítulo IV (Transferencias correntes), estímase neste capítulo uns ingresos de 138.858.726€, experimentando un aumento de 4.672.737€ (3,48%), como



consecuencia do aumento da PTE, do Fondo Complementario e do financiamento de fondos europeos, etc.

- Capítulo V (Ingresos patrimoniais), estímase neste capítulo uns dereitos a liquidar de 236.927€, é dicir, que experimenta un aumento de 10.050€ (4,43%), debido a unha maior recadación de ingresos polos dereitos de superficie do Polígono de Outeda – Curro en Barro.
- Capítulo VI (alleamento de investimentos reais), estímase para este capítulo uns dereitos a liquidar de 1.000.500€, non experimenta variación.
- Capítulo VII (Transferencias de capital), espéranse uns ingresos de 1.400.791€, en función de convenios cos concellos e de axudas de fondos europeos xa concedidas.
- Capítulo IX (Variacións de pasivos financeiros), as previsións non varían ao non preverse ningunha operación de crédito igual co ano anterior, como consecuencia de non ser necesario o financiamento do orzamento con endebedamento, dándose así cumprimento o principio de estabilidade orzamentario e de déficit cero.

Evolución do endebedamento

A débeda neta consolidada da Deputación, en termos absolutos, diminuírá en 240.833€.

A carga financeira da deputación (xuros e amortización) experimentará unha diminución de 486.286€ (-67,11%) como consecuencia da redución natural da amortización no actual exercicio e a non disposición dos préstamos de 25 millóns concertado en 2021. En termos relativos pasa do 0,42 ao 0,13 por cento dos recursos correntes.

O endebedamento previsto para o exercicio de 2023 presenta a seguinte estrutura:

| | |
|-----------------------------------|---------------------|
| ○ Débeda inicial consolidada | 25.540.833 € |
| ○ Crecemento débeda Deputación | 0,00 € |
| ○ Amortización débeda consolidada | 240.833 € |
| ▪ Total débeda final | 25.000.000 € |

PROPOSTA DE ACORDO

Por todo o exposto e co obxecto de poder atender ás diversas obrigacións da competencia provincial, e dado que este se elaborou con observancia das prescricións legais e regulamentarias, hónrome en lle propoñer ó Pleno a aprobación do orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2022 está integrado por:

- O orzamento da Deputación, por importe de 181.633.895€.
- O orzamento da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería, por importe de 603.575€
- O orzamento do Consorcio P. contra incendios, por importe 3.913.300€.



- O orzamento do Consorcio do Deza – Tabeirós 1.147.614€.
- Orzamento Xeral Consolidado, por importe de:
 - En ingresos-----185.387.403 €
 - En gastos -----185.387.403 €
- Das bases de execución do orzamento xeral da Deputación, e as específicas da Fundación da Escola U. de Enfermería e a dos Consorcios.
- Dos cadros de funcionarios, as relacións de postos de traballo e os cadros do persoal laboral e eventual da Deputación, da Fundación E. U. E. e dos consorcios.
- Do Anexo de investimentos para o exercicio 2023.
- Do plan (marco) orzamentario a medio prazo 2022-2024.

Remata a memoria da Presidencia indicando que no acordo de aprobación inicial haberá de recollerse, para cada un dos orzamentos indicados, o resumo por capítulos dos seus estados de ingresos e gastos.

Este resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN

ESTADO DE GASTOS

| OPERACIÓN CORRENTE | |
|--|-------------------------|
| OPERACIÓN CORRENTE | |
| Capítulo 1.- Gastos de Persoal..... | 50.419.227,00 € |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos..... | 39.532.704,00 € |
| Capítulo 3.- Gastos financeiros..... | 105.002,00 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes..... | 31.555.688,00 € |
| Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos... | 1.000.000,00 € |
| <i>Total Operacións correntes.....</i> | <i>122.612.621,00 €</i> |
| OPERACIÓN DE CAPITAL | |
| Capítulo 6.- Inversións reais..... | 16.905.139,00 € |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital..... | 41.587.902,00 € |
| Capítulo 8.- Activos financeiros..... | 287.400,00 € |
| Capítulo 9.- Pasivos financeiros..... | 240.833,00 € |
| <i>Total Operacións de Capital.....</i> | <i>59.021.274,00 €</i> |
| TOTAL ORZAMENTO..... | 181.633.895,00 € |

ESTADO DE INGRESOS

| OPERACIÓN CORRENTE | |
|---------------------------------------|-----------------|
| OPERACIÓN CORRENTE | |
| Capítulo 1.- Impostos directos..... | 13.918.299,00 € |
| Capítulo 2.- Impostos indirectos..... | 14.920.959,00 € |



| | |
|--|-------------------------|
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos..... | 12.231.701,00 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes..... | 137.424.819,00 € |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais..... | 236.826,00 € |
| <i>Total Operacións correntes.....</i> | <i>178.732.604,00 €</i> |
| OPERACIÓN DE CAPITAL | |
| Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais..... | 1.000.500,00 € |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital..... | 1.400.791,00 € |
| Capítulo 8.- Activos financeiros..... | 500.000,00 € |
| <i>Total Operacións de Capital.....</i> | <i>2.901.291,00 €</i> |
| TOTAL ORZAMENTO..... | 181.633.895,00 € |

ORZAMENTO DA FUNDACIÓN ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMERÍA

ESTADO DE GASTOS

| | |
|---|---------------------|
| OPERACIÓN CORRENTES | |
| Capítulo 1.- Gastos de Persoal..... | 541.074,00 € |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos..... | 61.400,00 € |
| Capítulo 3.- Gastos financeiros..... | 100,00 € |
| <i>Total Operacións correntes.....</i> | <i>602.574,00 €</i> |
| OPERACIÓN DE CAPITAL | |
| Capítulo 6.- Investimentos reais..... | 1.001,00 € |
| <i>Total Operacións de Capital.....</i> | <i>1.001,00 €</i> |
| TOTAL ORZAMENTO..... | 603.575,00 € |

ESTADO DE INGRESOS

| | |
|--|---------------------|
| OPERACIÓN CORRENTES | |
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos..... | 125.000,00 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes..... | 477.573,00 € |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais..... | 1,00 € |
| <i>Total Operacións correntes.....</i> | <i>602.574,00 €</i> |
| OPERACIÓN DE CAPITAL | |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital..... | 1.001,00 € |
| <i>Total Operacións de Capital.....</i> | <i>1.001,00 €</i> |
| TOTAL ORZAMENTO..... | 603.575,00 € |

ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO.

ESTADO DE GASTOS

| | |
|---|----------------|
| OPERACIÓN CORRENTES | |
| Capítulo 1.- Gastos de Persoal..... | 3.081.140,00 € |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos..... | 796.801,00 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes..... | 2.000,00 € |
| Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos | 3.000,00 € |



| | |
|--|-----------------------|
| <i>Total Operacións correntes</i> | 3.882.941,00 € |
| OPERACIÓN DE CAPITAL | |
| Capítulo 6.- Investimentos reais..... | 30.359,00 € |
| <i>Total Operacións de Capital</i> | 30.359,00 € |
| TOTAL ORZAMENTO | 3.913.300,00 € |

ESTADO DE INGRESOS

| | |
|--|-----------------------|
| OPERACIÓN CORRENTES | |
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos... | 1.986.200,00 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes..... | 1.927.000,00 € |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais..... | 100,00 € |
| <i>Total Operacións correntes</i> | 3.913.300,00 € |
| TOTAL ORZAMENTO | 3.913.300,00 € |

ORZAMENTO DO CONSORCIO PARA O SERVIZO CONTRAINCENDIOS E SALVAMENTO DAS COMARCAS DE DEZA E TABELÓS-TERRA DE MONTES.

ESTADO DE GASTOS

| | |
|---|-----------------------|
| OPERACIÓN CORRENTES | |
| Capítulo 1.- Gastos de Persoal..... | 988.961,23 € |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos..... | 158.152,77 € |
| <i>Total Operacións correntes</i> | 1.147.114,00 € |
| OPERACIÓN DE CAPITAL | |
| Capítulo 6.- Investimentos reais..... | 500,00 € |
| <i>Total Operacións de Capital</i> | 500,00 € |
| TOTAL ORZAMENTO | 1.147.614,00 € |

ESTADO DE INGRESOS

| | |
|--|-----------------------|
| OPERACIÓN CORRENTES | |
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos..... | 208.300,00 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes..... | 939.314,00 € |
| <i>Total Operacións correntes</i> | 1.147.614,00 € |
| TOTAL ORZAMENTO | 1.147.614,00 € |

ORZAMENTO CONSOLIDADO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

ESTADO DE GASTOS

| | |
|---|-----------------|
| OPERACIÓN CORRENTES | |
| Capítulo 1.- Gastos de Persoal..... | 55.030.402,23 € |
| Capítulo 2.- Gastos correntes en bens e servizos..... | 40.549.057,77 € |
| Capítulo 3.- Gastos financeiros..... | 105.102,00 € |



| | |
|--|-------------------------|
| Capítulo 4.- Transferencias correntes..... | 29.647.708,00 € |
| Capítulo 5.- Fondo de continxencia e outros imprevistos... | 1.003.000,00 € |
| <i>Total Operacións correntes.....</i> | <i>126.335.270,00 €</i> |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| Capítulo 6.- Investimentos reais..... | 16.936.999,00 € |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital..... | 41.586.901,00 € |
| Capítulo 8.- Activos financeiros..... | 287.400,00 € |
| Capítulo 9.- Pasivos financeiros..... | 240.833,00 € |
| <i>Total Operacións de Capital.....</i> | <i>59.052.133,00 €</i> |
| TOTAL ORZAMENTO..... | 185.387.403,00 € |

ESTADO DE INGRESOS

| | |
|---|-------------------------|
| OPERACIÓNS CORRIENTES | |
| Capítulo 1.- Impostos directos..... | 13.918.299,00 € |
| Capítulo 2.- Impostos indirectos..... | 14.920.959,00 € |
| Capítulo 3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos.... | 14.551.201,00 € |
| Capítulo 4.- Transferencias correntes..... | 138.858.726,00 € |
| Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais..... | 236.927,00 € |
| <i>Total Operacións correntes.....</i> | <i>182.486.112,00 €</i> |
| OPERACIÓNS DE CAPITAL | |
| Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais..... | 1.000.500,00 € |
| Capítulo 7.- Transferencias de capital | 1.400.791,00 € |
| Capítulo 8.- Activos financeiros..... | 500.000,00 € |
| <i>Total Operacións de Capital.....</i> | <i>2.901.291,00 €</i> |
| TOTAL ORZAMENTO..... | 185.387.403,00 € |

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.



O Deputado, Jorge Cubela López pide a palabra para explicar o voto en contra das Deputadas e Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular, manifestando que van a presentar unha enmenda a totalidade do orzamento xeral da Deputación Provincial para o exercicio de 2023, e que solicitan a convocatoria dunha reunión extraordinaria da Comisión de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, para debater a enmenda a totalidade que teñen previsto presentar, así como que se emitan os correspondentes informes pola Intervención Provincial en relación a dita enmenda.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio de 2023, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG e cos votos en contra das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e doce minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión

Asdo.: José Antonio Gulías Varela

(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

